

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO TRANSPORTE, UTILIZACION E VERTIDO DE XURRO, ESTERCO E OUTROS RESIDUOS PROCEDENTES DE FONTES DE ORIXE AGRICOLA E GANDEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cambios nos sistemas de produción agropecuarios tiveron e teñen unha clara incidencia no Medio Ambiente.

A intensificación da actividade agrícola significou xunto a uns indudables e desexables logros socioeconómicos, a produción duns maiores volumes de residuos por unidade de superficie.

Por todo isto, resulta necesario afrontar o grave problema medioambiental, que desde hai tempo se vén tolerando no municipio de Val do Dubra provocado polos olores desprendidos como consecuencia do transporte, uso e vertido de xurros, estercos e outros residuos agrícolas e gandeiros en terreos rústicos próximos ao casco urbano.

Consecuentemente con todo o anterior e dentro do marco normativo configurado polo Dereito Comunitario Europeo, o artigo 45 da nosa Constitución e a Normativa Sectorial tanto autonómica como estatal, no exercicio das competencias conferidas polos artigos 25.2. f) e 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local apróbase a presente Ordenanza Municipal Reguladora do transporte, utilización e vertido de xurros, estercos e outros residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro.

A nova ordenanza nace coa vocación de cumprir un obxectivo primordial: establecer as medidas necesarias para, en primeira instancia, previr e en último caso corrixir a contaminación medioambiental eliminando, na medida do posible, a negativa repercusión que na calidade de vida dos veciños producen as molestias, incomodidades e insalubridades xeradas polo transporte, uso e vertido de xurros, estercos e outros residuos gandeiros e agrícolas.

Para cumprir tales obxectivos a presente ordenanza estrutúrase en tres Títulos.

No Título Primeiro perfílase o seu obxecto e ámbito de aplicación e establécense as definicións dos conceptos básicos utilizados ao longo do seu articulado.

No Título Segundo baixo o epígrafe “Disposicións Xerais” concéntranse as normas tendentes ao cumprimento do obxectivo sinalado como primordial en primeira instancia: a prevención. Para estes efectos, o dito título estrutúrase en dous Capítulos, relativos, respectivamente ao

Réxime Xeral dos actos de vertido e Prohibicións e o de Protección de Zonas e Franxas potencialmente susceptibles de sufrir a contaminación provocada polos malos cheiros.

O Título Terceiro presidido pola rúbrica “Réxime Sancionador” concentra as normas tendentes a facer efectivo o obxectivo que se elixiu como subsidiario do primordial: a corrección. Para isto no dito Título establécense as Infraccións e Sancións e regúlase o Procedemento Sancionador conforme á nova normativa introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, desde o entendemento que o uso da potestade sancionadora conferida a este Concello será sempre a última ratio da actuación administrativa.

TÍTULO I.- OBXECTO E AMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do almacenamento, transporte, vertido e distribución nas fincas rústicas de labor dos esterco, xurros e outros residuos procedentes de actividades e explotacións agrícolas ou gandeiras co fin de reducir ao máximo as molestias que as ditas actividades poidan ocasionar.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

As prescricións da presente ordenanza serán aplicables en todo o territorio municipal.

Artigo 3. Definicións.

Para os efectos da presente ordenanza entenderase por:

- **a) Esterco:** residuos excretados polo gando ou a mestura de refugallos e residuos excretados polo gando, incluso transformados.
- **b) Puríns:** as dexeccións líquidas excretadas polo gando.
- **c) Gando:** todos os animais criados con fins de aproveitamento ou con fins lucrativas en recintos destinados a actividades ou explotacións agrarias.
- **d) Vertido:** incorporación de xurros, esterco e residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro ao terreo, xa sexa estendéndoo sobre a superficie, inxectándoo nela, introducíndoo por debaixo da superficie ou mesturándoo coas capas superficiais do solo ou coa auga de rega.
- **e) Actividade agraria:** conxunto de traballos que se requiren para a obtención de produtos agrícolas e gandeiros.
- **f) Explotación agraria:** conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria primordialmente coas fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico económica.
- **g) Terra de labor:** terreo ou parcela susceptible de laboreo ou cultivo continuado do mesmo produto ou ben rotatorio de varios.
- **h) Prado:** terreo ou parcela moi húmida ou de regadío no que se deixa medrar ou se sementa herba para pasto de gando, podendo ser de carácter permanente ou temporal.

TÍTULO II. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I. Réxime Xeral dos actos de vertido e prohibicións.

Artigo 4. Actos de vertido.

1. O vertido de xurros, esterco e residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro deberá efectuarse con suxeición ás seguintes regras:

- A) Única e exclusivamente poderá efectuarse o dito vertido en fincas de labor e prados.
- B) En todo caso procederase ao enterrado dos xurros, esterco e residuos de orixe agrícola e gandeiro:
 - b1) dentro das vinte e catro horas nas terras de labor.
 - b2) Igualmente procederase ao enterrado de xurros, esterco e residuos de forma inmediata cando o seu vertido se produza en solos de núcleos rurais ou as súas áreas de expansión.
- C) A cantidade máxima de xurros, esterco e residuos procedentes de actividades e explotacións de orixe agrícola e gandeiro aplicada ao terreo por hectárea será a que conteña 210 kg/ano de nitróxeno.
- D) Os xurros removeranse con antelación de 24 horas ao seu depósito para o transporte.

2. O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do deber de obter os permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a normativa sectorial vixente na materia xa sexa esta de carácter estatal ou autonómica.

3. Os residuos resultantes de explotacións forestais derivados de podas, talas e outras regúlanse pola normativa propia e fundamentalmente pola que atinxe a incendios forestais.

Artigo 5.- Prohibicións.

1. Queda terminantemente prohibido o estacionamento de vehículos transportadores de xurros, esterco e residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro nos cascos urbanos de Portomouro - Bembibre e Rial.
2. Queda prohibido o tránsito de remolques e cisternas que conteñan xurros, esterco e residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro polas rúas e travesías das poboacións de Portomouro, Bembibre e Rial, salvo que quede garantizada a estanqueidade daquelas a través de peches herméticos.
3. Queda terminantemente prohibido o vertido de xurros e esterco á rede de Saneamento Municipal así como as canles de ríos e regatos.
4. Queda prohibido o vertido de xurros e esterco os domingos, festivos e as súas vésperas así como durante os días de conmemoración das Festas Patronais dos núcleos de poboación do municipio polo que respecta ás fincas de cada xurisdición.
5. Queda prohibido o vertido de xurros e esterco durante os períodos de abundantes choivas así como sobre terreos de acusada pendente.

6. Así mesmo, queda prohibido o vertido de xurros, esterco e residuos de orixe agrícola e gandeiro naqueles lugares por onde circunstancialmente poida circular a auga como gabias, beirarrúas, colectores, camiños e outros análogos.
7. Queda prohibido o vertido de xurros, esterco e residuos de orixe agrícola e gandeiro en montes xa sexan de titularidade pública ou privada así como en ermos onde non poidan ser enterrados.
8. Queda prohibido o vertido de xurros, esterco e residuos de orixe agrícola e gandeiro en balsas de almacenamento de auga que non contén coas autorizacións pertinentes. Nas explotacións gandeiras os xurros recolléranse en foxas construídas conforme á normativa vixente e que contén coas autorizacións que sexan preceptivas conforme aquela.
9. Queda prohibido o encharcamento e a escorrentía de xurros, esterco e residuos de orixe agrícola e gandeiro fóra da finca rústica de labor.
10. Queda prohibido circular con cisternas, remolques, cuxas válvulas de saída ou baldas permitan o escape ou solta de xurros ou esterco.
11. Queda prohibido lavar cisternas e remolques en ríos, presas, pozos e regatos e calquera corrente de auga de dominio público.

CAPÍTULO II.- Réxime Xeral de Protección.

Artigo 6. Zona de exclusión.

1. Créase unha zona de exclusión nunha franxa de 100 metros de anchura ao redor dos límites externos en solos urbanos delimitados conforme ás normas do Planeamento e Ordenación Urbana de Val do Dubra que se atopen vixentes en cada momento.
2. Dentro da zona de exclusión queda total e absolutamente prohibido o vertido de xurros e residuos de orixe agrícola e gandeiro.
3. Para os efectos da presente ordenanza todas as actividades declaradas de interese público terán a consideración de zona de exclusión en tanto en canto se manteña a dita calificación.

Artigo 7. Franxas de seguridade.

- 1.- Créanse como franxas de seguridade as seguintes:
 - a) Paralelamente ás vías de comunicación da rede viaria autonómica e provincial unha franxa cunha anchura de 10 metros dende o bordo exterior daquelas.
 - b) Ó redor das captacións e depósitos de auga potable para o abastecemento das poboacións unha franxa de 50 metros de anchura desde o límite exterior destes.
 - c) Unha distancia de 12 metros nos ríos Tambre e Dubra dende o bordo exterior das súas canles e de 10 metros nas restantes correntes fluviais.

TÍTULO III. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 8. Infraccións.

1. Consideraranse infraccións administrativas, en relación coas materias que regula esta ordenanza, as accións ou omisións que vulneren as normas desta, tipificadas e sancionadas nos seguintes artigos.
2. As infraccións á presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 9. Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves as seguintes:

- a) O vertido de xurros, esterco e residuos procedentes de actividades e explotacións agrícolas ou gandeiras en terreos que non teñan a cualificación de finca rústica e de labor.
- b) O vertido de xurros, esterco e residuos procedentes de actividades e explotacións agrícolas ou gandeiras á rede de saneamento municipal así como ás canles dos ríos e regatos ou ás vías públicas.
- c) O vertido de xurros, esterco e residuos procedentes de actividades e explotacións agrícolas ou gandeiras en montes xa sexan de titularidade pública ou privada así como en ermos onde non poidan ser enterrados.
- d) O incumprimento das regras que sobre cantidades máximas de aplicación aos terreos de vertido de xurros, esterco e residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro establece o apartado c) do artigo 4 da presente Ordenanza.
- e) O incumprimento de calquera das restricións establecidas no artigo 6 da presente ordenanza en relación coa zona de exclusión.

Artigo 10. Infraccións graves.

Constitúen infraccións graves as seguintes:

- a) O incumprimento das regras sobre vertidos de xurros, esterco e residuos procedentes de fontes de orixe agrícola e gandeiro que establece o apartado b) do artigo 4 da presente ordenanza.
- b) O incumprimento de calquera das restricións establecidas no artigo 7 da presente ordenanza en relación coas franxas de seguridade.
- c) O incumprimento das prohibicións establecidas nos apartados 1 e 2 do artigo 5.

Artigo 11. Infraccións leves.

Constitúen infraccións leves as seguintes:

- a) O incumprimento das prohibicións establecidas nos apartados 4, 5, 7 e 8 do artigo 5.

Artigo 12. Sancións

1.-As infraccións a que se refire este título serán sancionadas da forma seguinte:

- a) As infraccións leves con multa de ata 500 euros
- b) As infraccións graves con multa de 501 a 1.500 euros.
- c) As infraccións moi graves con multa de 1.501 a 3.000 euros

2.-Sen prexuízo do anterior, os incumprimentos nesta materia que impliquen infracción das prescricións establecidas na normativa sectorial estatal ou autonómica serán obxecto de sanción nos termos que determinen estas.

Artigo 13. Responsables

Serán sancionadas polos feitos constitutivos das infraccións tipificadas na presente ordenanza, as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables destas tales como o dono ou usuario por calquera tipo da finca beneficiada polos vertidos e o titular do tractor ou cisterna.

Artigo 14. Criterios de gradación das sancións

Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción a aplicar:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados e, particularmente a intensidade da perturbación causada a salubridade.
- c) A reincidencia pola comisión no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza cando así se declarase por resolución firme.

Artigo 15. Procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador tramitarase de acordo co disposto no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, observándose os seguintes trámites:

- A) Iniciación de expediente de oficio, mediante resolución da Alcaldía, concedendo ao interesado un prazo de 15 días para alegacións. Notificacións regulamentarias da dita iniciación, incluíndo a información sobre o prazo máximo establecido para a resolución e notificación e sobre os efectos que pode producir o silencio administrativo.
- B) Apertura, no seu caso, dun período de proba por un prazo non superior a 30 días nin inferior a 10.
- C) Proposta de resolución do instrutor, con notificación ao interesado.
- D) Audiencia ao inculpado por un período de 15 días.
- E) Remisión da proposta ao órgano competente para resolver.
- F) Resolución da Alcaldía resolvendo o procedemento e impondo, no seu caso, a sanción no prazo de 10 días desde a recepción da proposta de resolución do instrutor.
- G) Notificacións regulamentarias.

2. O prazo máximo de resolución e notificación fíxase en seis meses; transcorrido este producirase a caducidade do expediente.

Artigo 16. Competencia.

A competencia para sancionar as infraccións na presente ordenanza corresponde ao Alcalde.

Disposición Adicional Primeira

No suposto de que uns mesmos feitos sexan constitutivos de infraccións administrativas tipificadas en diferentes ordenanzas, o procedemento sancionador tramitarase por infracción da ordenanza que recolla a sanción de maior contía para estes.

Disposición Final Primeira.

Quedan derogadas todas cantas disposicións do mesmo ou inferior rango regulen materias contidas na presente ordenanza en canto se opoñan ou contradigan o seu contido e fosen ditadas con anterioridade por órganos municipais.

Disposición Final Segunda.

A presente ordenanza entrará en vigor nun prazo de seis meses, unha vez que sexa aprobada definitivamente polo Concello en Pleno e publicado o seu texto íntegro no Boletín da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.